

1. A San José, por ser viejo,
nadie le quiere besar;
San José del alma mía
yo no te puedo olvidar.
2. Teño unha i-herba na horta
que lle chaman val-quen-ten,
eu como non teño nada
non valo para ninguén.
3. Teño unha herba na i-horta
que lle chaman curriola;
para falares conmigo
fáltache un ano de escola.
4. Teño unha silva na i-horta
que me pica, que me prende;
teño unha mala veciña
que por diñeiro me vende
5. ¿Por que falas mal de min
a quen tanto me quería,
sabendo que aquela xente
a min todo me decía?
6. Ay, qué alta va la luna,
nunca tan alta la vi;
más alta tenía Dios
la fortuna para mí.
7. Ay! qué alta va la luna,
y un lucero la acompaña;
ay! qué triste queda un hombre
cuando una mujer lo engaña.
8. Aunque cante nove días,
aunque cante siete meses,
nadie me oirá decir
la misma copla dos veces.
9. De Barro para Marcelle
todo é camiño chan,
todas son pedriñas lisas
postañas da miña man.
10. Subindo pola Pelada
beixando polo Padrón
hai unha nena cas vacas
que me rouba o corazón.
11. Ai, no Barro hai boas mozas,
en Antón hai ghana delas
e na Baña hai vintecinco
caravillas [das cancelas].
12. As tellas do teu tellado
botan auga ó rivés,
inda ti cumplas con outra
conmigo cumprido tés.
13. Maripepa ten un niño
entre as tellas do tellado
Cando chove, Maripepa,
o teu niño está mollado.
14. Miña nai ten tres ovellas,
todas tres me ha de dar,
unha cegha e outra coxa
e outra xa non pode andar.
15. Miña nai pra me casar
ofreciume bois e vacas,
ahora que me casei
doume unha cunca de papas.
16. Miña nai por me casar
ofreciume canto tiña
ahora ó busca-lo dote
paghoume cunha galiña.
17. |: Heicho de dar que o teño :|
papas de millo miúdo
feitas no pote pequeno.
18. Miña nai por me casar,
meu pai por me da-lo dote,
armaron un zanfarrancho,
rompéronlle o saco ao pote.
[A partir de aquí son coplas recitadas]
19. Comenencia como a miña
non a i-hai neste lugar;
muxo a cabra cando quero
poño a tixola i-ó lar-e.
20. O lughariño do Barro
está cintado darredor
que o cintou a miña moza
cunha cinta do color-e.
21. O lughariño do Barro
mui bonito debe ser-e,
ten un loureiro no medio
que afumía sin arder-e.
22. O lughariño do Barro
ten unha rica laguna
onde se miran las guapas
porquen fea no hay ninguna.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

23. Mi amor está muy lejos
trescientas millas de aquí
con los ojos no lo veo,
con el pensamiento, sí.
24. Tengho el corazón herido
de puñaladas menudas,
las puñaladas más grandes
fueron las palabras tuyas.
25. Miña sogra non me quere,
miña nai, por que será?,
o fillo, cura non é
e pa quen o ghardará?
26. Miña sogra non me quere,
miña nai, ¿que lle hei facer-e?,
-dalle un vaso de augha fría
con solimán a beber-e.
27. Miña nai doume unha tunda
co rabo dunha peneira
ten verghonza, miña nai,
que vén a xente da feira.
28. Miña nai doume unha tunda
co rabo dunha rabiza;
ten verghonza, miña nai,
que sale a xente da misa.
29. |: Canta, María, cas nenas: |
que che hei de facer un saio
da lan das túas ovellas.
30. Si quieres que sea tuya
ladrilla la mar ladrillada,
después de mar ladrillada
seré tuya si yo quiero.
31. Como quieres que te quiera
y que te tenga querer,
si la gente de tu casa
a mí no me puede ver.
32. Como quieres qu'íó le llame
a tu madre sueghra mía,
a tus hermanos cuñados
si tú no quieres ser mía.
33. Catro cornos son pró norte,
catro para o vendaval,
catro pra quen me malmura,
catro pra quen me quer mal.
34. Aires que vindes do norte
viñeras do vendaval,
trouxeras os meus amores
do reino de Portugal.
35. Andivécheste alabando
polos muíños moendo
que te casabas comigo
iso sí, eu querendo.
36. Andivécheste alabando
que te quería y te quiero;
corre ben, vaite lavar
que te quería y te deixo.
37. Amor mío, rumba y dale
y de mi no tengas duelo
que me traes tan seghura
como el aghua en el pañuelo.
38. Santa Teresa decía
que el Infierno era no amar
yo digo que más infierno
es no poderte olvidar.
39. Esta noche va a llover
que lleva el circo la luna,
las estrellas me lo dicen,
el cielo me lo asegura.
40. Esta noche va a llover
que lleva circo la luna;
Dios quiera que lluevan palos
en las costillas de alguna.
41. O pau verde do loureiro
ten a folla ó correr,
o falarche a ti agora
é comer por non morrer.
42. O carballo da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o aire
unha mañán de xiada.
43. O carballo da Portela
abanea a máis non cai;
así fai a boa nena
que se ghía por seu pai.
44. O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira
así fai a boa moza
cando non ten quen a queira.
45. No lugariño de Xera
hai dúas que cantan ben,
Dolores de Baltasar
e unha sobriña que ten.
46. Polo riu abaixo vai
un ghato botando berros
que lle cortaron o rabo
pró bighote de habaneros.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades